



salesianos
LUGO

*Colexio plurilingüe
Divina Pastora*



Lugo 6/9/24

Benqueridas familias:

Recibide o meu saúdo agarimoso e o do resto do persoal do centro neste comezo de curso.

Aínda que algunhas destas informacións xa se adelantaron en xuño, hai varios epígrafes novos que incluímos e outros que aparecen máis detallados ou con algún cambio.

Pedímosvos que lle prestedes moita atención ós mesmos xa que son moitas cuestións, datas e prazos que é importante ter en conta.

1. INICIO DE CURSO: PRESENTACIÓN DO ALUMNADO

INFANTIL E PRIMARIA

O curso comezará o mércores día **11 de setembro**. O horario será o seguinte:

- **3 anos:** segundo a quenda do período de adaptación (dende o 11 ata o 17 de setembro). Despois o horario será de 09:00h-14:00h (entradas e saídas pola porta do Eroski)*.
- **4 e 5 anos:** entrarán ás 08:50h e sairán ás 13:50h polo patio.
- **1º, 2º e 3º EP:** entrarán ás 08:55h e sairán ás 13:55h polo patio.
- **4º, 5º e 6º EP:** entrarán ás 8:55h e sairán ás 14:00h pola porta de portería.

*Ateibo organiza as súas tradicionais Mañás de Verán que poden ser facilitadoras para a conciliación daquelas familias que o precisen.

ESO

O primeiro día de clase será o mércores **11 de setembro**. Entrarán pola portería do colexio no seguinte horario segundo os cursos:

- **1º ESO:** entrarán ás 10.00h e sairán ás 14.15h.
- **2º ESO:** entrarán ás 11.00h e sairán ás 14.15h.
- **3º e 4º ESO:** entrarán ás 12.00h e sairán ás 14.15h.



2. REUNIÓN DE INICIO DE CURSO 2024-2025

Serán nos seguintes horarios e datas:

INFANTIL E PRIMARIA

- **3 anos:** día **9 de setembro** ás 18.30h no salón de actos.
- **4 e 5 anos:** día **16 de setembro** ás 18.30h no salón de actos.
- **1º, 3º e 5º de EP:** día **12 de setembro** ás 18.30h no salón de actos.
- **2º, 4º e 6º de EP:** día **17 de setembro** ás 18.30h no salón de actos.

ESO

A reunión será o **17 de setembro** ás 17.30h no salón de actos.

3. SERVIZOS

Acollida madrugadores e atención mediodía :

A gardería e o comedor comezarán a prestar os seus servizos a partir do primeiro día lectivo, o **11 de setembro de 2024**. O horario de entrada á **gardería** será dende as 7.30h ás 8.45h.

Se houbera suficiente demanda poderíase habilitar unha quenda de gardería de 14:00h a 14:15h.

Comedor:

O comedor comezará o día 11 de setembro dende as 14:00h ata as 15:30h ou ata as 16:30h. As saídas do alumnado serán polo patio entre as 15:15h e 15:30h e pola porta do Camiño Real ás 16:30h.

*** Para unha mellor organización dos primeiros días de madrugadores e do comedor, pregámosvos que nos avisedes coa maior antelación posible.**

Extraescolares:

Achégase (*vid infra*) unha proposta das actividades extraescolares para o vindeiro curso cos horarios das mesmas.

O inicio destas actividades no curso 24-25, será o **16 de setembro do 2024** e o remate será o **19 de xuño do 2025**.

A semana do 16 ó 21 de setembro será de **portas abertas** para que o alumnado poida ver si son do seu agrado as diferentes actividades que se ofertan.



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 17:00	INGLÉS EI e 1º-2º EP CIENCIA DIVERTIDA EP STEMROBOTS EI-EP-ESO TEATRO EI	IUDO EI - EP BALONCESTO INGLÉS ESO MULTIDEPORTE EI	INGLÉS EI e 1º-2º EP STEMROBOTS EI-EP-ESO MANUALIDADES E PINTURA EI-EP	IUDO EI - EP PATINAXE EI-EP BALONCESTO MULTIDEPORTE EI	16:30-18:30 ACTIVIDADES C.X.ATEIBO (Saltimbanquis, Andaina, ADS)
17:00 18:00	INGLÉS 3º-6º EP BAILE MODERNO EI-EP ATLETISMO EP	INGLÉS ESO FÚTBOL SALA BIBERÓN EI ATLETISMO EP	MANUALIDADES E PINTURA EI-EP PATINAXE EI-EP INGLÉS 3º-6º EP BAILE MODERNO EI EP ATLETISMO EP	CIENCIA DIVERTIDA EP TEATRO EI FÚTBOL SALA BIBERÓN EI ATLETISMO EP	(19:00 h-...) ACTIVIDADES C.X.ATEIBO Iniciación, Catecumenado

* A actividade de atletismo lévase a cabo nas pistas “CIUDAD CULTURAL DE LUGO” a escoller dous días dos catro dispoñibles.

* A actividade de fútbol lévase a cabo a través da SDC Piringalla polo que é necesario consultar os horarios a través de eles (poñerse en contacto con Rubén).

* Lembra que é unha proposta e que pode haber cambios debidos á demanda das actividades.

Secretaría e administración

O horario de atención en secretaría e administración ata o día 10 de setembro é de 10h a 13h seguindo as indicacións que se detallan á entrada do centro. Os horarios de atención ó público definitivos para o curso 24-25 serán informados unha vez comecen as clases.

Buscando sempre o mellor modo de comunicación co colexio e o seguimento da aprendizaxe, seguimos a traballar coa plataforma **Educamos** e da [web do centro](#).

Animámosvos a non deixar a contratación de licencias e outros servizos para o final.



4. AXUDA FONDO LIBROS E LIBRERÍA SALESIANA

Fondo de Libros

- A entrega de libros de Primaria será o día **11 de setembro** en horario de **16:30h a 18:30h** no **salón de actos**.
- A entrega de libros de ESO será o día **11 de setembro** en horario de **16:30h a 18:30h** no **ximnasio entrando polo patio**.

A entrega de **vales para material e libros** estanse entregando en secretaría ao longo destes días.

Librería Salesiana

Para os que fixestes a reserva dos libros de texto na **Librería Salesiana** recordámosvos que o día de recollida dos pedidos será o **luns 9** en horario de **9 a 17h**.

5. OUTRAS INFORMACIÓNS:

Material de Educación Infantil

Se algunha familia aínda non reservou o material escolar deberá facelo en administración.

Material EP/ESO

Nos próximos días aparecerá publicada na páxina web a listaxe de material por cursos que se empregará ao longo do curso

Chromebooks e Licenzas

As familias que aínda non puideron encargar as licenzas dos diferentes cursos pedímosvos que o fagades de ser posible antes do comezo das clases.

Os cursos e importes das diferentes licenzas son as seguintes:

- Adimat (1º-2º EP- ESO): 20€
- Snappet (3º-4º EP): 60€
- Leo Bien (5º-6º EP): 20€
- Licenzas (5º-6º EP): 115€
- Licenzas (1º-2º-3º e 4º ESO): 142€

NB: Recordámosvos que tanto para o alumnado que se incorpora ó centro coma para o que comeza o seu uso (5º EP) non está permitido o emprego de ningún dispositivo electrónico fóra dos **chromebooks**. Deste xeito só o alumnado que empregue outros dispositivos como PC's ou tablets en cursos superiores, poderá seguir empregándoos.

Chándal, mandilóns e material deportivo

Lembrede, que segundo as normas do colexio, **é de uso obrigatorio** para todo o alumnado de infantil e primaria, nas saídas culturais, en Educación Física e nos momentos que se indiquen. Para o alumnado de ESO é aconsellable para Educación Física.


Todos estes produtos estarán dispoñibles para a súa compra **na portería do colexio (algunha talla é posible que falte; estamos á espera dun pedido)**.

A equipación colexial está composta polo chándal ou, no seu defecto, o suadoiro máis leggin ou pantalón colexiais.

Día da familia. Día de inauguración das actividades da obra.

Coma outros anos realizaremos a convivencia para a comunidade educativa no comezo de curso. Realizarase o **28 de Setembro** no **Clube Fluvial de Begonte** a partires das **12h**. Enviaremos máis información un pouco máis adiante.

Quedo á vosa disposición.



José Luis Gallego Fortes
Director